

RAMÓN CABANILLAS E AS IRMANDADES DA FALA

Emilio Xosé Ínsua
IES “A Basella”, Vilanova de Arousa

Resumo: O poeta cambadés Ramón Cabanillas pertenceu ás Irmandades da Fala desde a primeira hora, colaborando en todo tipo de empresas e iniciativas alentadas por aquelas. A súa poesía e o seu teatro plasmaron as principais ideas e reivindicacións da entidade, que o elevou por iso mesmo á categoría de “Poeta da Raza”.

Tras secundar a Risco na ruptura das Irmandades en 1922 (Asemblea de Monforte) e chegar a editar simultaneamente ata seis libros en 1926, Cabanillas foise distanciando do galeguismo organizado e mesmo chegou a romper con el en tempos da 2ª República.

Non obstante, vello e enfermo, retomaría o seu compromiso coa loita galeguista en pleno franquismo, inaugurando con libros seus as novas editoriais (Bibliófilos Gallegos, Galaxia, Xistral...) que puxeron de novo en pé o sistema literario galego.

Abstract: The Cambados-born poet Ramón Cabanillas was a notorious member of the Irmandades da Fala since its creation, being an active collaborator in all kinds of initiatives encouraged by it. His poetry and theatre plays used to portray the main ideas and claims of the institution, which entitled him as the first “Galician Nation poet”.

After supporting Risco when the Irmandades breakup took place in 1922 (Assembly of Monforte de Lemos) and editing simultaneously up to six books in 1926, Cabanillas began to drift apart from the organizations of the *galeguismo* and eventually ended by breaking with them.

However, being elderly and ill, resumed his old compromise with the struggle of *galeguismo* during Franco’s dictatorship, using his own books as the starting point of some new publishing houses (Bibliófilos Galegos, Galaxia, Xistral) which set up the Galician literary system again.

Palabras chave: Ramón Cabanillas, Irmandades da Fala, Galeguismo, Literatura Galega.

Key words: Ramón Cabanillas, Irmandades da Fala, galeguism, galician Literature.



Casa natal de Cabanillas, en Fefiñáns.

1. PREÁMBULO NECESARIO

Teño que agradecer infinita e sinceramente ao académico cambadés e fondo amigo Francisco Fernández Rei (*Paco de Xenxa*) que lle propuxese á Academia que preside o meu vello profesor D. Xesús Alonso Montero a miña presenza e participación neste solemne acto que hoxe celebramos, a fin de glosar a intensa e frutífera relación que existiu entre Ramón Cabanillas e as Irmandades da Fala, entidade da que se cumprirá ben axiña o primeiro centenario da súa fundación.

Constitúe este convite unha enorme honra da que, non obstante, non podoo nin debo sentirme enteiramente merecente, pois é claro que, alén do propio *Paco de Xenxa*,

outra persoa máis capaz, máis amena e máis sabia na materia ca min debería ter podido ocupar hoxe esta tribuna no meu lugar se a Morte non fose, ademais de cruel, cega e estúpida. Refírome, como xa se terá adivinado, ao meu inmenso amigo e fraterno compañeiro Luís Rei, o autor da brillante biografía *Ramón Cabanillas. Crónica de destellos e saudades* e, por iso mesmo, unha das máximas autoridades no coñecemento e na comprensión da traxectoria e da obra do poeta de Fefiñáns.

O pasado 10 de agosto, tras anos de loita contra a doenza, Luís marchou definitivamente de entre nós para navegar os mares ignotos do Alén. Pídolle desde aquí, de corazón, desculpas por tentar substituír coa miña pobre prédica todo o caudal de bo e ameno saber co que, sen dúbida, el nos tería regalado nun día e nun acto como este, arredor dunha efeméride tan motivadora como é a do primeiro centenario da edición en Cuba do poemario *Vento mareiro*. Síntome, por iso, como a meniña gaiteira dos *Cantares* de Rosalía, que se escusaba dicindo: “*Eu cantar, cantar, cantei, / a grasia non era moita...*”.

2. A SEMENTE GALEGUISTA EN CABANILLAS

Non é revelar ningún segredo afirmar que o galeguismo como ideoloxía reitora do seu pensar e actuar foi unha adquisición do Cabanillas emigrante en Cuba (entre




Vista antiga do barrio de Fefiñáns.

setembro de 1910 e xuño de 1915), á calor do seu trato cordial e fraterno con figuras como Xosé Fontenla Leal, Xosé Castro *Chané*, Abdón Rodríguez Santos, Ricardo Carballal, Severino T. Solloso e todos os demais emigrados que constituíran no seu momento, apenas uns anos antes da arribada do cambadés á Illa caribeña, o grupo promotor da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega e que acompañaran, ademais, o poeta Curros Enríquez nos derradeiros compases da súa axitada biografía de loitador.

É verdade, si, que o Cabanillas rapaz seminarista en Compostela, con 14 anos feitos, tivera ocasión de vivir e participar en primeira persoa, portando unha coroa de flores na comitiva, no solemne traslado dos restos mortais da cantora do Sar desde o humilde cemiterio de Adina ata o mausoleo de San Domingos de Bonaval, o 25 de maio de 1891, e que esa experiencia, unida á familiarización cos poetas clásicos latinos nas aulas de San Martiño Pinario e tamén ao coñecemento en persoa do líder rexionalista Alfredo Brañas, tan vinculado a Cambados, deixara pousadas no seu peito sementes de galeguidade e poesía entrelazadas que tarde ou cedo terían que florecer.

Canda o galeguismo, Cabanillas abrazou tamén con moita forza en Cuba o agrarismo, movemento ao que se sentía xa adherido cando promovera en Cambados os xornais *El Umia* (1907) e *El Cometa* (1910), cando iniciara a súa colaboración co diario vilagarcían *Galicia Nueva* e cando dirixira as súas críticas en verso ou en prosa contra os caciques máximos de Cambados e da provincia de Pontevedra, Augusto González Besada e o Marqués de Riestra, respectivamente. A “Liga de Acción Gallega” de Basilio Álvarez topa en Cabanillas un militante e un voceiro poético extraordinario, pois os seus versos traducen e espallan as proclamas abolicionistas e anticaciquís do abade de Beiro, que entran nas chouzas labregas como auga de maio redentora.

A revista *Suevia*, da Habana, acolle os versos galeguistas e agraristas deste Cabanillas que toma a serio, por fin, cando está preto de cumprir os corenta anos de idade, o seu propio talento e valer poéticos e se lanza por iso mesmo a confeccionar



Capa do libro *No desterro*.

e publicar os seus dous primeiros libros: *No desterro. Visiones gallegas* (1913) e *Vento mareiro* (1915). Ben significativo é que na dedicatoria que estampa o 18 de abril de 1913 no exemplar de *No desterro* propiedade de Fontenla Leal, que hoxe se garda na Academia Galega, figuren estas palabras: “Non me esqueceréi nunca de que ti fuche quen decidiu miña vocación e meu casamento co idioma pátreo”.

A sona de Cabanillas entre a colonia galega de Cuba após a edición destes dous primeiros libros, con poemas como “Lume no pazo”, “A un cacique”, “A Basilio Álvarez”, “A fouce esquecida”, “A cadea”, “Alma nazonal i ardente”, “Galicia”, o himno de Acción Gallega ou “A traxedia das follas”, é a dun novo Curros e os ecos da masiva

devoción que suscita entre o seu lectorado axiña chegan á Galiza territorial, onde a fina antena xornalística de Antón Villar Ponte, daquela xa metido en campaña para crear unha Liga de Amigos do Idioma, capta de inmediato o que de promesa para un futuro redentor do país teñen a figura e, sobre todo, os versos do poeta cambadés. Por iso lle dedica o 13 de xuño de 1915 nas planas do xornal do que era na altura redactor, *La Voz de Galicia*, o artigo “Anotaciones breves. Un gran poeta gallego”, que adianta moitas das ideas presentes no futuro ensaio *Ramón Cabanillas, poeta da Raza*, sobre o que volveremos.

Villar Ponte proclama nese artigo de 1915 o trabucamento dos que consideraban que a poesía galega ficara definitivamente estancada, incapaz de superar os logros de Rosalía, Curros e Pondal. Eran dúas as figuras que, ao seu xuízo, conseguían coa súa obra desmentir radicalmente tal hipótese. Por unha banda, o seu antigo camarada de armas xornalísticas en Foz (lémbrese o satírico *iGuau... Guau!*), Antón Noriega Varela, que tiña no volume *Montañesas* “cosas definitivas”, como os poemas “De Ruada” e “Leite fresco”. Por outra, Cabanillas, que reunía idénticos méritos aos de Noriega pero tiña aínda algún aspecto máis ao seu favor, pois, segundo o viveirense, “es más fecundo, más vario y más refinado que Noriega, acaso porque resulta *menos aldeano*” (Villar 1915).



Recepción de Cabanillas na Academia, en Mondariz.

3. IRMÁN DA FALA DESDE A PRIMEIRA HORA

Cabanillas, que regresou do seu desterro cubano en xuño de 1915, fixo parte das Irmandades desde o primeiro instante da súa fundación. É certo que non estivo presente na primeira asemblea constituínte dun grupo *irmandiño*, o da Coruña, na xuntanza celebrada para tal fin nos locais da Academia Galega o 18 de maio de 1916, mais si enviou adhesión expresa en forma epistolar (Rei 2009: 155) á asemblea constituínte do grupo compostelán, na que se integrou inicialmente baixo a presidencia do catedrático Lois Porteiro Garea:

Sres. Porteiro [Garea], [Xesús] Culebras, Cimadevila, [Vitoriano] Taibo e Portal [Fradejas]:

Siñores e irmáns: Polo aramio (como un día aquela doente nova, pasionaria sempre en fror na horta lírica gallega que, magoando o corazón do pai e mestre Curros, cuaxou en “¡Ai!”), polo aramio chegou a min o saúdo amoroso co que vostedes me agariman ó deixar asentada a Irmandade da Fala no mesmo médeo da terra gallega. De xoennlos, con un bico alentador da Suebia que desperta, recibeu a miña ialma ese saúdo.

¡Dios ben o sabe! A pena que me fire é non ter verba con que responderlles.

E pois tan alto non chego, fáganme unha gracia máis: nun currunchiño, ó pé de vostedes, na ringreira dos compañeiros da xunta santiaguesa, poñan o meu nome homilde, xa que nesa milagreira e groriosa ciudá sentín os primeiros latexos de amor i as máis fondas emocións do arte da nosa terra.

Con este rogo vai tamén o aprauso máis ardente para os irmáns da Cruña, alma deste movemento: para os Villar Ponte, os Lugrís e os Carré Aldao, cen veces dinos de alaudó [...].

No fondo documental da familia Vidal Cabanillas entregado recentemente ao Concello de Cambados e catalogado nos seus últimos alentos polo noso chorado Luís Rei figura unha carta datada na Coruña a 8 de abril de 1916 e asinada “Un bon gallego”, que recolle este requirimento que o grupo promotor das Irmandades dirixe ao autor de *Vento mareiro*:

A vostede, qu’è un dos homes que poden libertar nosa patria da laxitude e enervacion en que repousa, contribuíndo co seu valimento de bon poeta a erguer o espírito da raza, permítome facerlle un rogo: Que poña todo seu interés, que poña todo o seu amor por Galicia, na formación das LIGAS ou HIRMANDADES de amadores da nosa terra e da nosa fala.

Canto non pode facer vostede n’este sentido? Vostede, que c’os seus cantos sabe mover os corazóns das xentes: que nada se adona tanto das almas como o ritmo e a palabra en que fala a boa poesía, porque fai estarrecer as cordas do corazón, pol-o que ten de sonora, esperta sentimentos de piedade e d’amor co-as suas melodias, e, pol-o que ten de expresión de nobres e subrimes pensamentos, pode levar as multitudes pol-as sendas do progreso, arrincadas das fochancas en que se deixa caer por preguiza e apocamento de espírito.

Vosté que soubo decir:

¡Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos, onte agora,
mañán... na vida e na morte!...

vexa que xa chega o momento de dar realidade á idea, e “namentras o sangue vibre - en beizos e corazóns...”¹ todos os que nos sintamos nobres fillos d’esta bendecida terra, debemos entear o lume pra encher de resprandores a nosa patria hastra facer d’ela un sol que alumee o mundo coa sua civilización.

O Sr. Ribalta, en Madrí (Estudios Gallegos calle de Teruel 14). LUGRÍS (Real 42-3º), CARRÉ (Barrera 34 bº), VILLAR PONTE (La Voz de Galicia), VALCARCE (Eco de

1 Subliñado no orixinal.

Galicia) e outros mais, na Cruña; o sr. Amador Montenegro en Vigo; e sobre todo as agrupacións “TOXOS E FROLES” do Ferrol, e “FOLLAS NOVAS” da Cruña, queren, a imitación do que se fixo e fai en Cataluña, traballar pol-a conservación e propagación da fala gallega.

Vostede, que sobre sua tumba quer que lle poñan:

“esta palabra que ten luz: GALLEGO

y-esta palabra que ten áas: POETA”

sea un dos paladís e propagadores d’esta causa, xa que cheo de entusiasmos pol-a terra escribiu:

“E si un día felís contra inxusticia
nos agros celtas o cramor se escoita,
ser dos primeiros en abril-a loita
baixo a santa bandeira de Galicia”.

a vere si dentro de pouco tempo podemos decir, coma vosté cantou:

“Un derradeiro esforzo:
un pouco mais, labrego!
¡A estrela é unha fogueira
que xa está preto!”.

Moito lle agradecerei que escriba a algun dos Srs. que lle cito, e sobre todo a o Coro Follas Novas (Panadeiras 9) pra animal-os na sua labor; e faga pol-a sua parte canto poda pra que cunda a idea.

Lle pido perdón pol-o grande atrevimento de lle escribir e pol-o inda mais grande de lle non decir quen eu son; desemule en atención dos motivos que me levan a lle poñer estas letras.


Seu admirador.

Un bon gallego.

A segunda edición do folleto *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional* de A. Villar Ponte, saída do prelo en maio de 1916, inclúe un “Índice de fe. Algunhas opinións e xuicios” que testemuña a favorábel acollida do texto entre unha parte considerábel da intelectualidade galega do momento, entre a que figura explicitamente a adhesión do poeta Cabanillas (Villar 1916:75).

Nesta mesma perspectiva, coidamos que o propio vocábulo escollido finalmente polo novo agrupamento, o de *Irmandades da Fala* en vez do inicialmente barallado de *Liga de Amigos do Idioma*, ten moito que ver co emotivo emprego que tiña feito o de Cambados nalgúns dos seus poemas máis emblemáticos do apelativo *irmáns*, de claras resonancias cristiáns franciscanistas e/ou irmandiñas (*Deus Fratesque Gallaeciae*), como acontece no himno de Acción Gallega:

¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos!
¡Dende Ortegal ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrilar! [...]



Antón Villar Ponte visto por Seoane.

entente cordiale entre eles. Concretamente, unha carta de Porteiro ao viveirense datada en Santiago a 19 de xuño de 1916 testemuña as súas xestións en Cambados para asegurar a presenza do autor de *No desterro* na primeira actividade pública organizada pola Irmandade coruñesa e revela, así mesmo, os múltiples receos que albergaban moitos basilistas cara á nova entidade, pois nela lemos (Rei 2009: 157-158):

Cabanillas está tolo de contento. Díxome (e comunicollo co as reservas –non respecto a Cabanillas senón ó público en xeneral– do caso) que tiña noticia de que òs propagandistas d’Ourense (Basilio, etc.) parciais este movemento contrario a eles e recelaban de que na Cruña no nos vían ben, establecendo así certa rivalidade entre uns e outros. Cabanillas entende que convén disipar recelos. Eu xa lle dixen que vostedes eran tan respetosos neso que non impoñían a naide o predominio do grupo cruñés nin outro ningún, senon que a

No noso libro *Sobre “O Mariscal” de Cabanillas e Villar Ponte* (Ínsua 2005), coidamos ter descrito con rigor as orixes do relacionamento persoal e creativo entre o xornalista de Viveiro e o poeta de Fefiñáns, que deu como froito, alén da súa militancia compartida nas Irmandades, a confección “a dúas mans” da emblemática peza sobre a figura de Pardo de Cela, á que logo nos referiremos con máis detalle. Insistamos agora na idea de que non foi en Cuba, contra o que adoita afirmarse, onde ambos se coñeceron, pois Antón estaba xa de regreso da súa aventura caribeña cando Ramón embarcaba en setembro de 1910 no vapor “Dania” rumbo a La Habana.

Algúns documentos epistolares permiten intuír que foi Porteiro Garea quen actuou de “ponte” entre Cabanillas e Antón Villar Ponte para establecer a

autoridá e predominio nacería do traballo que cada un fixese; e, ademais, que todos reconecemos o valor positivo de Basilio e de cantos loitan, sin que agora se pretenda escurecer a ninguen, senon alumar ente todos a alma da Patria esquencida nun *burato sin lume e sin ar*, que dixo Guerra Xunqueiro. Cabanillas está conforme, pro recoméndanos tino para salvar esas cativadas.

4. UNHA AUSENCIA INCÓMODA PARA CABANILLAS

Con efecto, constituíu toda unha contrariedade para o poeta cambadés, no momento da súa adhesión ás nacentes Irmandades, que nestas non se integrasen, a diferenza de figuras como un Castelao, un Lustres Rivas ou un Roberto Blanco Torres, que si o fixeron, a maioría dos cadros da Liga de Acción Gallega, e moi nomeadamente o seu admiradísimo líder Basilio Álvarez.

A falta de sintonía entre as Irmandades e o *basilismo* ten doada explicación á luz da actitude idiomática do abade de Beiro e doutros dirixentes agraristas, remisos ou incapaces de vencer a pauta diglósica na súa actividade axitativa, mais tamén por mor da mala relación que existía desde antigo entre o autor de *Abriendo el surco* e o principal promotor do novo movemento, Villar Ponte, pois no pasado inmediato este vertera críticas moi serias na prensa de Cuba e na súa sección “Con letra del siete” de *La Voz de Galicia* contra aquel.

Así, cando Basilio en persoa levou adiante, a comezos de 1914, unha xeira de mitins por varias cidades galegas, Villar Ponte referiuse ao abade de Beiro como un orador extraordinario, como un loitador incansábel e como un apóstolo de acusado relevo “que honra á raza gallega”, mais declarou asemade o seu total desencontro co líder agrario, cuxa cruzada consideraba “hoy por hoy, estéril, por no decir absurda” e a quen xulgaba “un niño noble, pero equivocado, que sueña con revoluciones justicieras, profundas, capaces de derrocar las murallas de un vicioso círculo social sólo con el influjo seductor de sus bellas palabras y de sus apóstrofes rugientes” (Villar 1914).

A non integración nas Irmandades deses continxentes organizados no agrarismo cos que Cabanillas se sentía tan identificado foi un feito seguramente moi lamentado no seu íntimo polo de Fefiñáns, aínda que o rol de avogado defensor desempeñado por Porteiro Garea cos procesados polos sucesos de Nebra (outubro de 1916) debeu de disipar calquera dúbida nel sobre o firme compromiso *irmandiño* coa causa dos labregos desposuídos que tamén enarboraba o agrarismo basilista.

Resulta evidente que a pertenza ás Irmandades será un dos factores que tempera as arengas e “iras” agraristas do primeiro Cabanillas, substituíndoas por unha visión onde o referente de oposición xa non será a *Vila podre* galega, senón a Villa y Corte madrileña, na que o poeta residiu non poucos anos da súa vida

e que satirizará en composicións como “Serán de Domingo”, “Un enterro de primeira”, “O Mentideiro”, “1921”, “Os pinos saudosos”, “Orxía cortesán” etc., logo recollidas maiormente na segunda edición de *No Desterro* (1926). E non deixaremos de salientar que, no futuro, cando a relación de Cabanillas cos seus irmáns arrefrié a raíz da homenaxe que lle tributou en Vigo en 1927 o oficialismo ditatorial primorriverista, será a de Basilio Álvarez unha das amizades máis firmes e importantes para el na perspectiva de superar ese ferinte isolamento en que se tivo que ver inmerso.

5. PRIMEIRAS ACTIVIDADES IRMANDIÑAS DE RAMÓN CABANILLAS

Convén subliñar a reiterada presenza de Ramón Cabanillas nos primeiros actos públicos *irmandiños*, proba evidente do seu entusiasmo e adhesión plena á nova entidade. Esa absoluta entrega mal casa coa idea que deitou nas súas declaracións de ancianidade, cando afirmou que o seu labor, tanto no agrarismo como no nacionalismo, se debía a que “nunca souben dicir que non”, ou sexa, a que “facía o que eles [Basilio Álvarez e Antón Villar Ponte] me suxerían”.

Cabanillas viaxa á Coruña o 26 de xuño de 1916 a fin de se entrevistar co Consello Directivo da recentemente constituída Irmandade, presidido por Antón Villar Ponte, transmitirle o seu entusiasmo na causa e “saber a que atenerse en ulteriores empeños”. O 1 de xullo o poeta acode de novo *ex professo* á Coruña para presidir ao día seguinte o primeiro acto público da Irmandade, unha excursión a Elviña. Días antes escribíalles aos irmáns coruñeses (Rei 2009: 158-159):

Polo que fai á xunta no piñeiral de Elviña, unha vez máis o meu pensamento camiña á beira do de vostedes. Primeiro xuntarnos, botar contas, falar a peito descuberto. Auga da fonte, homilde pero crara. Poucos, se cadra, pero de reuta concencia. Nada de foguetes. Non lle poñamos o rabo denantes de facela tixola... Irei, irei con mil amores, que ademais da alegría de depender en e con vostedes a pregar por este resurximento da Terra, fervo en desexos de estreitarlles as mans.

Cando se resucite o antigo voceiro da Solidaridad Gallega, *A Nosa Terra*, para que sirva de *idearium* das Irmandades, a partir do 14 de novembro de 1916, o nome de Cabanillas aparecerá citado canda o de Ribalta e o de Antón Villar Ponte como candidato a dirixilo. Foi o de Viveiro quen finalmente asumiu *de facto* ese labor, mais convén dicir que o de Cambados non cesou de achegar número tras número ao decenario colaboracións poéticas e mesmo algunha en prosa, como “Nazionalismo ou soberanía rexional” (nº 3). Entre esas colaboracións cómpre



Cabanillas en *A Nosa Terra*.

mencionar especialmente a presente no seu número inaugural, “A traxedia das follas”, o emblemático “¡En pé!” e o poema “Meu carriño”, que aparece no oitavo número (25/I/1917) adornado cunha dedicatoria ben elocuente: “Prá y-alma acesa de Antón Villar Ponte”:

[...] Canta, meu carriño, canta
a redención esquencida,
o dor da Terra ferida
de traidores e ladróns.
¡A alma galega dorme,
a santa Ideia está morta
e tés de ir porta por porta
encendendo os corazóns!

Por esta época, Porteiro Garea identifica Cabanillas como a figura que viña espertar providencialmente o país do seu letargo (Porteiro 1917):

Cabanillas é o cardíaco que ven á remover (supricando, mallando, escarne-cendo) a nosa apatía, a espertarnos do sono mortal. Hémolos poñer por cabeza d'este movemento, que si percisa moito estudio e moito sacrificio, ten as súas raíces n-o corazón –onde nacen os versos fortes, e altivos, y-os pianos y-amorosos de Cabanillas que todos manan da mesma fonte–.

Ademais, a propia figura de Cabanillas resultará noticiada e enaltecida unha e outra vez en *A Nosa Terra* ao longo dos primeiros anos de traxectoria das Irmandades. O de Cambados figura sistematicamente nas listaxes de persoeiros vinculados á entidade que serven para lle conferir prestixio, como pon de manifesto, por exemplo, o artigo “Da «elite» do galleguismo. Escultores da nova Galicia”, que aparece no oitavo número (25/I/1917).

De igual maneira, a súa asistencia a calquera acto público é decote sinalada de xeito explícito no boletín, o mesmo que a lectura de textos seus en actos en que o poeta está mesmo ausente fisicamente².

Cando unha agrupación local das Irmandades ou algunha outra entidade cívica pensa contar con Cabanillas para conferenciar, recitar ou colaborar eventualmente nalgunha actividade, *A Nosa Terra* non deixa de indicalo³. Do mesmo xeito, cada vez que unha obra súa está en proxecto, se edita, se traduce, se versiona musicalmente ou se recensiona favorablemente na prensa, o decenario está ao quite para divulgar a nova entre os seus lectores⁴.

Nos tempos da “tráxica falta de luz”, isto é, na ditadura franquista, o ancián Cabanillas non faría unha valoración moi positiva que digamos dese papel que lle reservaran as nacentes Irmandades para convertelo en referente simbólico do espertar patriótico e cultural que aquelas representaban, e en carta a Fernández

2 Cf. “Santiago-Cruña-Monforte-Pontevedra. As Irmandás da Fala, cada vez mais fortes”, *A Nosa Terra* 19, 1-2 (20/V/1917), en que se informa da adhesión de Cabanillas ao mitin das Irmandades celebrado en Santiago; “Unha xira galeguista”, *A Nosa Terra* 23, 6 (30/VI/1917), que comunica que se leu o poema “Galicia” durante unha excursión organizada pola Irmandade de Monforte; “Dos nosos. Loubas a Rosalía”, *A Nosa Terra* 24, 3 (10/VII/1917), que notifica o encargo a Cabanillas por parte do Orfeón santiagués dun himno para cantar na inauguración da estatua a Rosalía na Alameda compostelá; etc.

3 Cf. “Novas da causa”, *A Nosa Terra* 1, 7 (14/XI/1916), en que o poeta cambadés é citado como participante nun futuro ciclo de conferencias organizado pola Irmandade compostelá.

4 Cf. “Peneirando”, *A Nosa Terra* 7, 7 (15/I/1917), que notifica que o compositor Xosé Baldomir prepara un opúsculo de cancións galegas, algunhas sobre letras de Cabanillas; “Novas da causa”, *A Nosa Terra* 11, 7 (26/II/1917), que dá conta de que Cabanillas prepara un libreto de zarzuela e unha traxedia histórica; “Peneirando”, *A Nosa Terra* 16, 7 (20/IV/1917), en que se informa da preparación na imprenta do xornal arousán *Galicia Nueva* das obras completas do vate cambadés; “Peneirando”, *A Nosa Terra* 21, 7 (10/VI/1917), en que se anuncia a inminente aparición en Vilagarcía do poemario *Da terra asoballada*; “Peneirando”, *A Nosa Terra* 25, 7 (20/VII/1917), que aplaude o contido dun traballo de Evaristo Correa Calderón sobre Cabanillas publicado no diario lugués *La Idea Moderna*; “Peneirando”, *A Nosa Terra* 30, 6-7 (10/IX/1917), saudando con ledicia a acollida crítica favorábel, tanto na prensa galega como na madrileña, do volume *Da Terra asoballada*; etc.

del Riego, datada en 1948, sinalaba contrariado que se atopara entón “cáseque sólo na trincheira poética combatente, e como había que alporizar xente representativa bomberáronme sin ton nin son e cangáronme a cruz do ridículo «poeta da raza»”. Mais cómpre dicir, como oportunamente apostilou Luís Rei na súa *Crónica de destellos e saudades* (Rei 2009: 166), que se é verdade que os compañeiros das Irmandades o encheron de “bombos”,

non menos certo é que el propio correspondía a esa xenerosidade traballando arreo e deitando nas páxinas do xornal irmandiño moitísimos versos escritos para seren propaganda do novo credo, verdadeiros himnos nalgunhas ocasións, con dedicatorias expresas para os dirixentes das Irmandades que tiña máis preto do seu sentimento [...].

6. UN POEMARIO EMBLEMÁTICO: DA TERRA ASOBALLADA

A finais de abril de 1917, Antón Villar Ponte publicita na súa sección “Con letra del siete” de *La Voz de Galicia*, en termos moi eloxiosos, o proxecto de Cabanillas de publicar en cinco volumes no prelo do xornal vilagarcían *Galicia Nueva* toda a produción literaria saída da súa pluma até a data, tanto inédita como xa coñecida (Villar 1917). Eses cinco tomos previstos eran os intitulados *Da Terra asoballada* (*poesías de loita*) –finalmente o único que chegou a se editar, con capa debida a Castelao–; *Antr-as roseiras* (*versos do tempo mozo*); *Mentras baila o fuso* (*contos e paisaxes*); *A fonte seca* (*rimas e cancións*); e, finalmente, a peza *A man de Santiña e Unha cea de Xan Quinto* (*conto de ladróns*).

Desde o seu propio título, o terceiro dos libros poéticos editados por Cabanillas érixese en eficaz epítome do momento de intensa loita que están a despreparar as Irmandades contra o asoballamento do país en todas as ordes. Inclúe poemas combativos e patrióticos, dados a coñecer previamente en diversos cabezallos de prensa (*A Nosa Terra*, *Galicia Nueva*, *El Ideal Gallego* etc.) como o xa amentado “Meu carriño”, a serie sonetística “Santos da nosa Terra” (con poemas a Rosalía, Pondal, Murguía e Brañas) e o poema “¡En pé!”, dedicado a Porteiro Garea e ao que pertencen estes versos iniciais:

¡Irmáns! En pé sereos
a limpa frente erguida,
envoltos na brancura
da luz que cai de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga,

e nunha man a fouce
e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e branca,
arredor da bandeira de Galicia,
cantémo-lo dereito
a libre nova vida!

O boletín *irmandiño* publica o 30 de agosto de 1917 (nº 28-29) unha favorabilísima recensión, sen asinar, do libro que nos ocupa, que resulta “xenial, admirable” e que foi feito por “un dos mellores poetas, non soio d’España senon da Europa latina”, por “un cume da xenialidade poética”. Pola súa vez, Peña Novo arremete desde a propia *A Nosa Terra* contra o vello rexionalista brañista Xoán Barcia Caballero despois de que este recensionase de xeito moi acedo a citada obra no xornal *El Eco de Santiago*, acusando Cabanillas de se deixar contaminar “por la peste reinante” (isto é, as reivindicacións patrióticas, abertamente nacionalistas xa, das Irmandades). Ademais de verter duros reproches contra a actitude de Barcia, Peña Novo definirá o escritor cambadés como “o poeta máis grande nado en Galicia” (Peña 1917).

7. O ENSAIO RAMÓN CABANILLAS, POETA DA RAZA, DE ANTÓN VILLAR PONTE

Cando a morte do poeta Eduardo Pondal, a comezos de 1917, produza unha vacante na Academia Galega, un solto do boletín *A Nosa Terra*, debido probabelmente á pluma de A. Villar Ponte aínda que sen asinar (Anónimo 1917), defenderá a candidatura de Cabanillas como a máis idónea para ocupala:

¿Quen pode substituire ô Bardo?

Somente un home cheo de lus ven â nosa pruma: o de Ramón Cabanillas. ¿Hai outro capaz d’oponérselle?

O xenial autor de *Vento Mareiro* ten que ser o substituto do xenialísimo autor de *Queixumes dos Pinos*.

Ramón Cabanillas ten que sere nomeado académico, e tén que facerse a súa receución solene na Cruña, de maneira que día pé pra organizare unha festa galeguista.

Como é sabido, Cabanillas sería elixido finalmente numerario en 1919 en substitución na cadeira número 31 de Salgado Rodríguez e lería o seu discurso de ingreso na entidade, titulado *A saudade nos poetas galegos*, en agosto de 1920, no Balneario de Mondariz. O boletín *irmandiño* reproduciríao, enteiro, nas súas páxinas (Cabanillas, 1920) e o diario *El Noroeste*, dirixido por Eladio Rodríguez, que foi o recipiendario do poeta cambadés nesa solemnidade académica, faría en marzo de 1921 unha edición non venal do mesmo. Convén salientar que este de Cabanillas era o segundo discurso de ingreso pronunciado en idioma galego en toda a historia da Academia (o primeiro fixérao Amador Montenegro, en 1909).

O propio Villar Ponte confeccionará nesta altura o seu traballo *Ramón Cabanillas, poeta da raza* (*Apuntes para un estudio*), que será publicado en forma de

folletín por *A Nosa Terra* entre setembro e decembro de 1917, asinado X simplemente⁵. Nel conságrao definitivamente como «Poeta da Raza», isto é, como o escritor “representativo” polo que viña agardando a literatura patria desde a desaparición física de Rosalía, Lamas, Curros e Pondal. Cando o de Cambados se puxo a versificar, sinala o de Viveiro,

Todal-as ansias da raza, no que teñen de naturás, atoparon nos seus versos o niño cubizado, xa que estes versos eran latexos ateigados d’amore e dolore, cando manseliños, cando cheos de xenreira d’un corazón feito anacos [...]. E aqueles poetas que cantaban por afición en rimas artificiais, sin sair dos vellos moldes dos precursores, pais goriosos do primeiro renacemento literario galego, ficaron eclisados pol-o xenio do novo vate.

Entre as circunstancias que facían de Cabanillas un escritor merecedor do alcuño de “Poeta da Raza” e do cualificativo de “primeiro poeta *nacional* de Galicia”, enumeraba Villar Ponte estas cinco:

- 1ª O terse dado “de xeito integral, â doce e grioriosa lingua nativa”, isto é, a súa aposta polo monolingüismo perante a práctica bilingüe/diglósica habitual nos escritores galegos da época;
- 2ª A súa vontade de refinamento e modernización do rexistro lingüístico, como ten estudado en época recente Fernández Rei (2015). Indica Villar Ponte, a este respecto, que “nos versos do autor de *Vento Mareiro* apréciase a nobre afanía de facer unha lingua *autualizada* com’a catalana e a portuguesa”;
- 3ª O feito de ser un verdadeiro “fillo escolleito das musas”. Esta calidade púñase de manifesto sobre todo, para Villar Ponte, por comparación con outros poetas: “Máis fecundo que os precursores, que os mestres tidos por insuperabres [...] gánalles na variedá, na universalidá, na craridá (ouxetividá, din os parnasianos) e no moderno senso da peisaxe”;
- 4ª O ter logrado unha harmoniosa combinación entre o moderno e o tradicional na súa poesía, converténdose nunha especie de ponte dourada entre o primeiro e o segundo Renacemento das nosas letras:

5 Unha nota que aparece no voceiro das Irmandades case un ano despois (n.º 66, 10/IX/1918) permite saber con certeza que a autoría corresponde ao de Viveiro. Esa nota aclara que no folletón do xornal saíu “un estudo da obra de Cabanillas do noso irmán Villar Ponte (A.)”. En realidade, escribira o amentado ensaio para presentalo so o lema “Maruxiña” a un concurso literario convocado, en formato de Xogos Florais, pola revista escolar compostelá *Maruxa*, da que era director Marino López Blanco. Anos máis tarde, a editorial Nós reproduciría este ensaio villarpontino nos seus Suplementos Gratuitos números 10 e 11 (setembro e outubro de 1929, respectivamente).

Cabanillas lembra ôs vellos, pois coma iles leva ô verso a y-alma rexional ô través da súa propia y-alma. Ten algo de todol-os precusores e hastra recreíase âs veces, glosándoos de maneira lonxana en formosos *ritornellos*. Pro ten mais que os precusores, porque ten moito de seu, aristocratizado, sotilizado no alambique do novecentismo. E así debeu [sic] un poeta mais comreto;

5^a E, por último, a súa orixinalidade e fecundidade, sen demérito da calidade: “Cabanillas produxo tanto e tan bô, que fanse difízles as seleicións, propias soio d’un libro esquirto paseniñamente. O mesmo nas que poderíamos chamar suas poesías civís, que nas líricas, nas panteístas e nas humoradas, a xenialidade deita vitoriosa”.

Expostas estas consideracións, proseguirá Villar Ponte o seu ensaio cun repaso a voa pluma das composicións dos poemarios *No desterro* e *Vento Mareiro*, para concluír:

Cabanillas como se pode vere, cultiva todol-os xéneros, pulsa total-as cordas da lira, até a torva das supremas xenreiras, Cabanillas bebéu as augas da inspiración nas mesmas fontes que os grandes vates do noso renacemento primeiro, e zuguó, como abella de milagre, en total-as froles da raza, pra darenos a ofrenda da mel hymeta que arelábamos. Pro soupo evolucionar c’os tempos, pra faguerse moderno, novo no vello e vello no novo, que é sere contemporáneo de cada día pra sempre, trocándose no primeiro poeta da Raza, pol-a forma e pol-o fondo, pol-os grandes recursos que acertou a sacare do noso idioma, nas suas bentas mans cal un órgano que tan axiña deixa ouvir os rexistros feituquiños, doces, mimosos, com’as voces graves, e os berros irtos, bruantes, feros.

O autor de *Almas mortas* puxo ramo a este seu ensaio, que resultou definitivo á hora de “canonizar” (en termos literarios) ao poeta cambadés, como ten salientado o profesor Xosé Ramón Pena (1996), ponderando o importante contributo que significaba a obra de Cabanillas para o prestixio do galego, remarcando o papel de guía que lle correspondía nos camiños que se abrían para a nova lírica galega e, finalmente, declarando a súa esperanza de que, igual que xurdira xa o “Poeta da Raza”, non tardase en se manifestar o “gran prosista a quen todo lle porpara advenimento”.

8. A VIAXE DUNHA DELEGACIÓN IRMANDIÑA A CATALUÑA

Ao longo da segunda metade do ano 1917 as Irmandades estableceron contacto coa “Lliga” de Francesc Cambó con idea de formalizar unha alianza estábel, que se traduciría no apoio financeiro catalanista para que comprasen o diario coruñés *El Noroeste* e na presentación de candidatos *irmandiños* en varios distritos galegos nos comicios lexislativos de febreiro de 1918 (Porteiro Garea, en Celanova; Antón Valcárcel, na Coruña; Losada Diéguez, na Estrada; Rodrigo Sanz, en Pontevedra; etc.), para ver de sumar forzas descentralizadoras e rexeneradoras no novo Parlamento español.

Nese contexto, Antón Villar Ponte (que foi quen, con Porteiro e Antón Valcárcel, liderou eses contactos), interesará ao secretario da “Lliga Regionalista” catalá e director de *La Veu de Catalunya*, Ferrán Agulló, na obra do poeta cambadés. Este figuraría inicialmente, como anunciou *La Veu de Catalunya* no seu exemplar de 16 de novembro de 1917, na listaxe de expedicionarios das Irmandades que se dislocarían ao Principat para celebraren alí a chamada “Semana Galega”. Por causas que descoñecemos, Cabanillas non viaxou e a súa charla sobre poesía galega ficou no tinteiro. Foi Antón Villar Ponte en persoa o que se encargou, precisamente, de facer que o de Cambados estivese dalgún xeito “presente” nesa embaixada galeguista en Cataluña, lendo o seu poema “En pé” durante o banquete con que a plana maior do catalanismo agasallou os delegados das Irmandades en Barcelona o día 30 de novembro do citado ano.

9. UNHA CONTROVERTIDA SECRETARÍA MUNICIPAL EN MOS

Foi tamén, moi probabelmente A. Villar Ponte quen saíu de xeito anónimo en defensa do poeta nas páxinas de *A Nosa Terra*, en outubro de 1917, cando este aceptou das mans do Marqués de Riestra, coñecido político da provincia de Pontevedra e albo no pasado do contundente soneto “A un cacique” do propio escritor cambadés, un posto de secretario interino no Concello de Mos, feito considerado por algúns medios de prensa como “incoherente” co pasado basilista, co credo nacionalista e coa vea anticaciquil de que facía gala na súa poesía frecuentemente Cabanillas.

Nesta tesitura, alén de insistir na fidelidade ao ideario nacionalista do escritor (“sigue sendo noso, sigue sendo o irmán da y-alma, o pirmeiro poeta nacionalista”), revelábanse as gravosas necesidades familiares ás que este tiña que facer fronte nesa altura, para, na continuación, responsabilizar eses mesmos xornais e sectores que criticaban o poeta de non lle teren ofrecido colaborar nas súas planas a cambio dunha digna remuneración (Anónimo 1917b):

[...] ninguén quixo preguntárese: ¿De que vive o poeta, cómo vive o poeta?
 ¡Ai, s'ó preguntaran! O poeta ten muller e seis fillos; o poeta traballa rexamente,
 pra conquistar un cativo anaco de pan, pra poder vexetar de maneira doorosa.
 Ninguén s'achegou a il pra brindarlle axuda; ningún xornal galego dos que
 pagan tantas colaboracións ridículas, ll'ofeceu unha. Pra calquer homenaxe
 pidíanlle versos, pro ¿quén lle pagou endexamais ises versos?

¡Si os poetas poideran hipotecar anacos da inmortalidade que ll'es [sic] agarda,
 ôs usureiros! ¡Pro a usura non enxergue d'iso!

Xa sabemos que cando Cabanillas morra –e ogalá [sic] sexa tarde– Galicia
 enteira, com'as colonias galegas d'as Américas, faránlle garimosos homenaxes.
 Entón será a hora das gabanzas e das xusticias. Tamén a dos prantos, lembrati-
 vos dos do cocodrilo.

Pro namentras viva, que viva como poida, ¿Non é eisí?

Pois xa tedes o pago; xa tedes o pago, hipócritas, fariseos, sepulcros branquea-
 dos. Si tivese algo de vergoñoso o feito de que Ramón Cabanillas acetase a
 Segredaría de Mós, o vergoñoso sería pra Galicia, sería pr'ôs galegos, e no pr'ô
 poeta [...].

Chorarémolo en morte; pro entón, alguén preguntará: “¿Qué protección lle
 díchedes en vida; cantos d'ises gabadores da poesía galega, cantos d'isos políti-
 cos do rexionalismo ortodoxo lle tenderon a sua man?”

Ôs que agora censuran a Cabanillas, pasarálles o mesmo que a aquiles que
 escupen ó ceyo: que a censura lles virá caer nos ollos.

Desta estaba funcionarial en terras do Louro e do Tea ficoulle a Cabanillas,
 entre outras cousas, a produción da súa obra teatral (*A man de Santiña*, *O Mariscal*
 e o libreto zarzuelístico *A Virxe do Cristal* escribíense nesta época, precisamente),
 unha fonda amizade cos irmáns porriñeses Xosé e Antonio Palacios e unha gran
 sintonía persoal co empresario galeguista Enrique Peinador, dono do Balneario de
 Mondariz, de quen recibirá nos anos 20 todo tipo de axudas, como logo diremos.

10. A MORTE DE PORTEIRO GAREA E A ASEMBLEA DE LUGO (1918)

Ao longo de 1918 continúan os ditirambos a Cabanillas na prensa irmandiña e
 aínda en publicacións enfrontadas ás Irmandades, como o católico, monárquico
 e rexionalista *El Ideal Gallego*. En febreiro, nas páxinas do diario *El Noroeste* (en-
 tón baixo a súa batuta), Antón Villar Ponte non dubida en colocalo como punto
 culminante dun evoluir da poesía galega desde a perspectiva do compromiso pa-
 triótico (Villar 1918):

En Curros no hay más que el poeta *enxebre* que recoge del ambiente las
 vibraciones de universal rebeldía para localizarlas a través de su *enxebreza*.

En Rosalía la rebeldía ya se asocia á un sentimento vivo y obsesionado de anticontralismo. Pero es Lamas el poeta rexionalista y Pondal el pren[ac]ionalista, que prepara el advenimiento de Ramón Cabanillas, nuestro primer cantor conscientemente nacionalista.

No conflito que se vive na redacción de *El Noroeste* coruñés entre nacionalistas (Peña Novo, A. Villar Ponte...) e rexionalistas (Antón Valcárcel, Rodrigo Sanz...), durante o primeiro semestre de 1918, Cabanillas opta claramente polos primeiros e dedica a Peña Novo, expulsado da redacción, o emblemático poema “O galo negro”: “¡Irmáns! Galicia / é unha ringleira de galiñeiros... / ¡Todos a unha! / ¡Matemos todol-os galos negros!”.

Participará despois na velada necrolóxica en memoria de Porteiro Garea que ten lugar no local da Irmandade coruñesa o día 15 de novembro de 1918. A trágica gripe dese ano ceifara o 27 de outubro a vida do prometedor líder da Irmandade compostelá e o baleiro que deixou non o deron enchido os numerosos e emotivos textos elexíacos que os poetas das Irmandades, con Cabanillas á fronte, dedicaron na súa memoria:

Tiña na frente unha estrela,
 tiña no bico un cantar,
 a estrela dos que camiñan
 namorados de ideás,
 a estrela que alumea
 os eidos da libertá,
 a cantiga dos escravos
 que saloucan por voar,
 o canto armoñoso e forte das Irmandás!

Tamén asiste Cabanillas activamente á Iª Asemblea Nacionalista en Lugo e asina o seu “Manifesto”. O de Cambados propón nesa transcendental xuntanza, ademais, segundo recolle *A Nosa Terra* (nº 73-74, 5/XII/1918) que o propio boletín, dirixido nesa altura por A. Villar Ponte, sexa considerado “único orgo oficial na imprensa do nazonalismo galego”, proposta que debe enmarcarse no clima de ruptura das Irmandades co sector rexionalista que se mantiña á fronte de *El Noroeste*. Así lle resumía epistolarmente Cabanillas a Raimundo Riestra as impresións que suscitou no seu espírito esa primeira asemblea *irmandiña* (Rei 2009: 194-195):

Veño de Lugo e inda trayo nos beizos a mel da nosa fala barbullada a cotío os catro gloriosos días da Asambleia nazonalista.

Non éramos moitos nin moi sonados, nin tiñamos, de certo, esa sabencia brincadeira, decorativa, de foguete, dos homes feitos n-ese Madrí esbardallante y-atronador ós que o centralismo falangueiro pendurou do pescozo unha campana choca, mais isi vosté vira que xentileza, que corazóns sangrantes, que almas acesas! isi se deran conta por esas terras de que maneira latexaban aqueles oitenta corazóns galegos!

Procuramos a soberanía estética de Galicia postos de xoenllos non soyo diante do tesouro dos nosos moimentos, sinón ó par do milagre das nosas paisaxes; pedimos, á veira da do home, a igoaldade de dereitos para esta admirabile muller galega; abrimol-os brazos garimosos cara a nobre Lusitania; ruximos contra do caciquismo asoballante, intresando unha lei de esceición que poña ó amparo da legalidade o noso dereito cidadán; praneamos o reconecimento da persoalidade xurídica da parroquia, completando a escala lóxica de orgos reás y efectivos da administración –o fogar, a parroquia, o municipio–; impuxemos o acabamento das Diputaciós provinciás, extranxeirismo sen senso, solimán que envenena a vida nazonal; conquerimos que se declare istrumento de traballo, polo tanto inembargable, o corruncho de terra que o pequeno propietario percise para o sosteñimento do fogar, libertando un bon anaco de patria das mans lagarteiras de curiales e foreiros; pedimo-la cooficialidade co-a castelán d-esta nosa fala galega que ten dereito a ser eterna, anque non fora mais que porque sempre foi e terá de ser a canteira de onde arrinca o idioma da Hespaña as verbas mais alumeantes; e, dimpois de votar medio cento máis de conclusións, xuramos solenemente, pol-o que máis queremos n-este mundo, e no outro, ser dos bos e xenerosos, declarándonos d-entón para sempre, nazonalistas galegos.

11. CABANILLAS E O “CONSERVATORIO NAZONAL DO ARTE GALLEGO”

En 1919, a Irmandade coruñesa puxo en marcha o “Conservatorio Nazonal do Arte Gallego”, unha plataforma valedoira tanto para a formación de actores e actrices como para o fomento do cultivo do xénero teatral na nosa lingua. Animado por Villar Ponte, Cabanillas poñerá o seu quiñón nesta particular empresa cultural, achegando para o *debut* do Conservatorio a peza *A man de Santiña*, que xa tiña escrita desde cando menos a primavera de 1917 e á que engadirá con tal motivo algún parlamento en chave explicitamente galeguista, combatendo o “regionalismo sano y bien entendido” e o *cunerismo* electoral.

A man de Santiña marcaba, en opinión de Villar Ponte, “una etapa nueva y una nueva orientación en el aún naciente teatro gallego”, por canto conseguía elevar en escena á categoría de “idioma rico, bello y flexible” a nosa lingua (Villar 1919a). Para arroupar a estrea, que tivo finalmente lugar no Pabellón Lino

coruñés o 22 de abril de 1919, con escenografías de Camilo Díaz Baliño e dirección de Fernando Osorio, as páxinas de *A Nosa Terra* acolleron diversos artigos.

O éxito da peza foi indiscutíbel (Anónimo 1919) e *A man de Santiña* representouse logo en moitas outras localidades galegas. Editouse na imprenta de Mondariz Balneario en xaneiro de 1921. No remol deste éxito e coa mesma intencionalidade, esteticamente renovadora e ideoloxicamente propagandística, afrontaría Cabanillas de inmediato dous novos proxectos teatrais: un libreto para ópera que lle encargou o mestre Xosé Baldomir baseado no célebre poema de Curros “A Virxe do Cristal”, proxecto que protagonizou unha malfadada peripecia (Ferreiro/Sanmartín 2002) e unha peza en verso de teatro histórico feita “a medias” con Antón Villar Ponte, *O Mariscal*.



Cabanillas nos anos 20.

12. A TRAXEDIA O MARISCAL

A peripecia desta “lenda trágica en verso” sobre a figura do nobre galego axustizado por orde de Isabel a Católica a finais do século XV, “derradeiro baluarte das liberdades galegas” en expresión do propio Villar Ponte, exemplifica algúns dos principais problemas do teatro galego no tempo das Irmandades (Ínsua 2005): comezada a facer en 1917 e finalizada na primavera de 1920, tivo que ficar inédita nos escenarios pola desfeita do Conservatorio Nazonal e agardou ata 1926 para poder ser editada en Lar. Posteriormente, en 1929, deu pé a unha versión operística debida ao compositor Eduardo Rodríguez Losada e coñeceu unha segunda edición impresa da man de Ánxel Casal, mais logo, por fas ou por nefas, continuou ata o hoxe mesmo inédita actoralmente nos escenarios, sendo como é un dos cumios da nosa dramática. Ben é certo que coñeceu en 1994 unha versión en formato de monicreques debida a Marcelino de Santiago, *Kukas* e ao Centro Dramático Galego.

Mais por outra banda, a peza é exemplo clarividente do proceso de evolución en sentido mítico-saudosista, celtista e atlantista do pensamento do poeta cambadés e do xornalista viveirense, ambos seducidos xa nesa altura polas concepcións

esencialistas do nacionalismo que viña postulando un teórico de gran relevancia como era Vicente Risco.

Os autores botan man do recurso ao mito e á lenda como forzas mobilizadoras da conciencia nacional e revisitan ese tráxico episodio como lección patriótica para o presente, cun marcado patetismo e dramatismo que non podía deixar de conmover e, por iso mesmo, mobilizar política e ideoloxicamente algúns ánimos. Xúlguese, se non, o efecto dos versos deste fragmento do 1º Cadro da Xornada 1ª do 3º Acto da obra, ditos polo personaxe Miranda cando xa os protagonistas están presos e agardan pola súa fatal execución:

¡Ten o teu sangue de deixar na Hestoria
un regueiro de luz viva e acesa!
¡Vivirás nas súas páxinas groriosas
canto viva a lembranza desta terra!
¡Teu nome será o facho lumioso
que amonstre a vereda
por onde han camiñar, tempos adiante,
os que sintan no peito a sagra arela
de faguer libre o chan en que naceron,
de ter patria de seu, honrada e ceiba!

Moi pouco tempo despois de rematada a confección de *O Mariscal*, Cabanillas publica na revista *Nós* e en *A Nosa Terra* poemas de exaltación da loita nacional irlandesa, daquela en plena efervescencia, e emprende a seguir, por expresa petición de Risco, a do poema “O Cabaleiro do Santo Grial”, primeira das tres sagas épico-relixiosas nacionais que compoñen *Na noite estrelecida* e que se publica en *A Nosa Terra* o 1 de agosto de 1921.

13. CABANILLAS PERANTE A RUPTURA DAS IRMANDADES

A participación ou non nas convocatorias electorais, ou o que vén sendo o mesmo, a aceptación ou non dos mecanismos representativos e das institucións do réxime entón establecido, o da Restauración borbónica hispana, foi un asunto que dividiu profundamente as hostes *irmandiñas* a partir de 1919. Tanto Villar Ponte (1919b) como Cabanillas, nese sentido, defenderon unha táctica “abstencionista”, de boicot activo ao entramado oficial, por corrupto e inservíbel. Decía Cabanillas, en concreto (1919): “Temos que dar a impresión de que os nazonalistas galegos movémonos no ar luminoso. Fixemos ben en non loitar para non dar xeito de legalidade ó que foi unha innobre farsa”.

Será este o posicionamento que irá aglutinando un cada vez máis amplo sector das Irmandades, que terminará por se constituír en febreiro de 1922, baixo o liderado de Risco, como Irmandade Nazionalista Galega (ING). Non foi ese o caso, porén, da Irmandade máis nutrida, a da Coruña, que baixo o liderado do avogado vilalbés Lois Peña Novo tentou sempre que puido a vía electoral para espallar e afianzar o movemento. Conste que cando Peña Novo accedeu a unha concellaría na Coruña, en 1920, Cabanillas asistiu en persoa ao correspondente banquete de homenaxe.

Por entremedias temos que referirnos á participación activa de Cabanillas tanto na 2ª Asemblea das Irmandades, celebrada en Santiago os días 7, 8 e 9 de novembro de 1919, onde promoveu xunto con outros destacados dirixentes unha proposta de nomeamento de Antón Villar Ponte como presidente honorario das Irmandades que non se tomou finalmente en consideración, ignoramos por que razóns, como na 3ª Asemblea, celebrada en Vigo en abril de 1921, onde resultou designado xunto co propio Antón, Vicente Risco e Xoán Vicente Viqueira, segundo indica o boletín *A Nosa Terra* (nº 139, 30/IV/1921), para facer parte dunha ponencia que tería como fin “chegar á uniformidade no idioma”.

O poema cabanilliano “Vía crucis”, que presenta Galiza coa metáfora dunha anciá que sobe ao Calvario como un novo Xesucristo, acompaña por esta mesma época a xira por diversas localidades galegas dos deseños de Castelao que acabarán conformando o seu álbum *Nós*. E participa tamén o de Cambados, como accionista e como colaborador, na posta en marcha do boletín da cultura galega de idéntico nome, en outubro de 1920, baixo a dirección literaria de Vicente Risco e a artística do propio Castelao.

Cabanillas permanecía no seu posto burocrático de Mos ata o verán de 1921, en que decidiu trasladar a súa residencia a Madrid e afrontar alí, por segunda vez, o proxecto de editar as súas Obras Completas. Nos dous anos de reviravoltas deste novo “desterro”, en que traballou como correspondente para o xornal basilista ourensán *La Zarpa*, o de Cambados só deu conseguido facer a segunda edición de *Vento mareiro* (novembro de 1921), mais editou tamén os dous números da revistaña *As Roladas* e escribiu moitos poemas saudosos da Galiza ou críticos co ambiente da “Vila-Charca” madrileña, como “O mentideiro”, “Orxía cortesán” ou “A España de oxe”.

Cómpre advertir, con todo, sobre a crecente tendencia pesimista e sobre a cada vez máis intensa veta relixiosa que impregnan os versos do poeta a partir desta altura, como pode verse, sen irmos máis lonxe, no poema “¡Miserere!”, onde a apelación á divindade como último recurso salvífico, o lamento resignado e a sensación xeral de impotencia (diante da traxedia de Sofán que suscita a escrita deste poema, si, mais seguramente tamén diante da crise que experimenta o propio galeguismo *irmandiño*, enleado xa en serias desavinzas intestinas) semellan



Cabeceira do xornaliño *As Roladas*

substituír totalmente, sen deixaren de expresar fervoroso nacionalismo, o que antes eran berros de loita e verbas de orgullosa autoafirmación:

Morre abafada a Galicia
baixo a pouta castelán:
temos fame de xusticia;
fame de lobo e de can.
¡Probe de nós!
Dios nos colla da súa man! [...]

14. CABANILLAS E A ING

Durante o segundo semestre de 1921, as Irmandades camiñan cara a ruptura. Que as desavinzas están desbordando o tolerábel revéla o publicación en *A Nosa Terra* por parte de Antón Villar Ponte do artigo “Resposta a un e a moitos. Dúas crases de galeguistas”, en xullo, onde sinala a existencia de dúas fraccións *irmandiñas*, a dos “apostólicos”, que refugan o pacto con outras forzas, rexeitan toda participación nas eleccións e no entramado institucional e apostan pola concepción do nacionalismo como “minoría selecta”, e a dos “políticos”, que postulan o establecemento de alianzas co republicanismo e co agrarismo, queren explorar a vía electoral como xeito de contrastar o apoio popular ao seu programa e de acumular forzas e abren, ademais, as portas ás “masas” (tan deostadas por filósofos da época como Gustave Le Bon, Spengler ou Ortega y Gasset) no proceso de construción do movemento nacionalista. Semellante disputa estratéxica, táctica e ideolóxica será moitas veces mal interpretada, cabe dicir que adrede, como unha presunta oposición entre galeguistas “culturalistas” e galeguistas “políticos”, cando o certo é que ambos os sectores enfrontados nas Irmandades eran simultaneamente tanto unha cousa como a outra...

A ruptura verifícase na Asemblea de Monforte, a 4^a das celebradas polas Irmandades, en febreiro de 1922. Cabanillas está persoalmente ausente nesa cita, mais ao pouco réunese coa mocidade *arredista* galega que fundara en Madrid o

agrupamento “Céltiga” (Ignacio Rodríguez, Fermín Penzol etc.) e constitúe con eles unha célula da ING na capital hispana. Este aliñamento ponno a salvo de calquera crítica no manifesto de Cebreiro e Manuel Antonio *Máis alá!*, repleto por contra de ataques aos académicos e poetas ruralistas, en velada alusión aos Luguís Freire e aos demais irmáns da fala coruñeses...

O pendor tradicionalista, esencialista e confesional do galeguismo que encarna o autor de *O porco de pé* enchoupa nesta altura xa o pensamento de Cabanillas. No editorial do primeiro número de *As Roladas* (maio de 1922) escribe, por exemplo: “Temos de tornar os ollos e o pensamento ó pasado (Fala, Lenda, Historia, Dereito, Costume), en precurso da forza conqueridora do Porvir, xa que somentes poden dar flores fermosas e froitos os arbres rexamente enraizados en terra criadora”. Noutro texto en *Rexurdimento* de Betanzos, anima Cabanillas a ter Fe e Vontade e exhorta a que “os galegos, de ollos abertos cara ó alén, se xunten en feixe para cantar o triunfo da Terra, a hora sagra do milagre da Renacencia”.

15. A REVISTA INFANTIL AS ROLADAS, UNHA HOMENAXE AO ESCULTOR ASOREY E O DIARIO GALICIA DE VIGO

Tres actividades destacan na acción pública galeguista de Ramón Cabanillas en 1922, logo de consumada a ruptura das Irmandades na Asemblea de Monforte. A primeira, a edición dunha “Folla dos rapaciños galegos” que co nome de *As Roladas* e o patrocinio de figuras como Leonardo Rodríguez, Portela Valladares, os irmáns Antonio e Xosé Palacios ou o Marqués de Figueroa, edita Cabanillas en Madrid nos meses de maio e xullo de 1922.

A segunda, a homenaxe que promove no seu Cambados natal, o 22 de agosto do citado ano, ao escultor Francisco Asorey, en sinal de protesto polo escaso premio (o 3º) outorgado na Exposición Nacional de Bellas Artes en Madrid á peza escultórica “Naiciña”.

E a terceira, a súa activa colaboración cun novo xornal que se pon en marcha en Vigo en xullo de 1922, o diario *Galicia* de Vigo, con Valentín Paz-Andrade como director. Nel ha publicar Cabanillas moitos textos poéticos, que logo pasarían á segunda edición de *Da Terra asoballada* e mais a *Camiños no tempo*, editado na posguerra. O rotativo, oposto á ditadura de Primo de Rivera, aguantará ata setembro de 1926, con numerosas censuras, multas e suspensións de por medio, sen obviar numerosos problemas de índole laboral co seu equipo de tipógrafos socialistas...

Nas vésperas do golpe do xeneral Primo de Rivera, Cabanillas acompaña os condes de Creixell, Vicente Sagarriga e Julia Becerra Malvar, como secretario persoal e fai campaña con eles no distrito de Xinzo de Limia en maio de 1923, en alianza co basilismo, o que con todo non evita o fracaso electoral. Por se isto non

abondase, ábrese procesamento en Cambados contra Cabanillas por ter denunciado a desaparición de certos fondos pecuniarios que debían terse destinado, por manda testamentaria, a funcións benéficas... Visto o panorama, non admira que o poeta chegase a pensar seriamente en emigrar de novo a América (*Galicia*, 4/XI/1923). É por esta época, ademais, cando escribe o poema “Sobredo”:

¡Galicia encadeada con ferros de Castela
 por fillos treizeiros e por caciques-lobos,
 no teu ceo azuado hai unha nova estrela!
 ¡Ardente e sanguíenta, agoira os tempos novos!
 ¡Irmáns! ¡Erguede o berro
 de amor e santidad!
 ¡Galicia e Libertade
 do Traballo e do Chan! [...].

16. O BALNEARIO DE MONDARIZ E O ANNUS MIRABILIS DE 1926

Cabanillas foi “salvado de emigrar” por Enrique Peinador. A partir de 1924, o dono do Balneario de Mondariz alargou a súa protección ao poeta dándolle traballo remunerado como administrador dese establecemento turístico-terapéutico, poñéndoo á fronte da revista *La Temporada de Mondariz* e converténdoo nun auténtico “animador cultural”, *avant la lettre*, que o mesmo facía faladoiro con diplomáticos, ministros e plutócratas, que organizaba unha velada poético-musical no Gran Hotel, que axudaba a crear un pequeno museo etnográfico ou que levaba de excursión á ría de Arousa, a Vigo ou a Compostela os seus distinguidos hóspedes.

En recompensa a este saber facer cabanilliano e en tributo de sincera amizade, Peinador imprinterá con cargo ao seu propio peculio en 1926 tres volumes do poeta: *Na noite estrelecida*, *A rosa de cen follas* e *O bendito San Amaro...* Tamén financiará mediante publicidade o boletín *Nós*, que reaparecería en 1925 e que editaría, por exemplo, a segunda saga de Cabanillas, “A espada Escalibur” (15/I/1926). Pouco despois, o de Cambados ingresa no Seminario de Estudos Galegos (marzo de 1926), entidade para a que elaborará diversos traballos sobre o tema da romaxe da Franqueira.

Ao mesmo tempo, Ánxel Casal, na editora Lar, afronta tamén a publicación das segundas edicións de *No desterro* e *Da Terra asoballada* e mais a primeira da peza *O Mariscal*. Cabanillas, con nada menos que seis volumes literarios editados nun mesmo ano, está na cúspide da súa gloria literaria e respira certa satisfacción, aínda que a desaparición do *Galicia* de Vigo e a desfeita orgánica da ING de Risco

nada bo signifiquen no panorama cultural e galeguista de entón... Agardan por el, no entanto, horas de distanciamento e mesmo de dolorosa ruptura cos *irmáns* que han deixar feridas moi fondas no seu ánimo para sempre.

17. O INTRE DA RUPTURA COA MAIOR PARTE DOS ANTIGOS IRMÁNS

As diversas homenaxes e recoñecementos que lle tributaron as autoridades e institucións da Ditadura primorriverista ao poeta Cabanillas, despois desa máxima edición sucesiva de ata seis volumes literarios que viña de protagonizar en 1926, provocaron, con efecto, un irreversible distanciamento cordial cara á súa persoa de case toda a plana maior e mesmo menor do galeguismo, talvez coa única excepción de Ramón Otero Pedraio.

Os seus noutroira *irmáns*, da Fala e da Alma, non entenden que o “Poeta da Raza”, patrocinado polo Marqués de Figueroa, acepte a partir de marzo de 1927 colaborar nos labores dunha Real Academia de la Lengua que, ao pouco de dar entrada no seu seo aos representantes de “las lenguas regionales” (o propio Cabanillas e Cotarelo Valledor pola de noso), pretende erixirse en máxima autoridade para a fixación das súas respectivas normas mentres defende arrabeadamente ao mesmo tempo a súa subalternidade a respecto do español, negando toda opción de cooficialidade.

Tampouco aceptan (e por iso están totalmente ausentes deses actos) que o de Cambados se deixe homenaxear no Teatro García Barbón e no Casino de Vigo o 7 de maio do citado ano polo político caciquil e antigo bugallalista Rodríguez de Viguri e pola plana maior militar, eclesiástica e civil que sostén e xustifica na Galiza o réxime antidemocrático, mentres Antón Villar Ponte, por exemplo, viña de ter que ir a prisión durante un mes por negarse a pagar unha multa imposta pola censura, o diario *Galicia* acababa de sucumbir definitivamente ás multas e prohibicións gubernativas, *A Nosa Terra* tiña que saír mes tras mes co seu contido cribado polo lapis vermello ou mentres eran vitandos símbolos disque “separatistas” como o himno de Pondal e Veiga ou a bandeira franxiceleste...

Que tres das catro Deputacións provinciais decidisen outorgarlle ao poeta cambadés nesa mesma altura unha xenerosa pensión vitalicia sen estatuír ningunha obriga concreta a cambio non semella diferir moito do nepotismo practicado desde sempre polo Poder cos seus intelectuais “adictos”, un nepotismo, obvio é dicilo, denunciado unha e outra vez polas Irmandades desde o instante mesmo da súa creación...

En definitiva, os diversos agasallos e prebendas oficiais que lle conceden a Cabanillas en 1927 abren un abismo entre o poeta e os seus antigos correligionarios *irmandiños* e o de Cambados emprende entón rumbos que, por vez primeira, fican

distantes do rego fundamental que viñera traballosamente abrindo desde había lustros, que non fora outro que, en palabras súas, “erguer o espírito cidadán da miña Terra”.

18. O PACTO DE BARRANTES E A CANDIDATURA ÁS CONSTITUÍNTES

Ao longo de 1929, Cabanillas, que está instalado en Madrid e traballa na confección de papeletas léxicas para un dicionario galego, acollerá a Vicente Risco na Academia Galega en febreiro e lerá en maio o seu discurso de ingreso na Academia Española, que versou sobre a poesía de Eduardo Pondal e foi contestado polo Marqués de Figueroa (Anónimo 1929). Non asistirá, en troques, a diferenza de Antón Villar Ponte, ás estreas en varias localidades galegas (Vigo, Pontevedra, A Coruña...) da versión operística de *O Mariscal* (Anónimo 1929b).

Cabanillas, que non participou na VI Asemblea nacionalista, celebrada en abril de 1930 cando xa Primo de Rivera abandonara o poder, secundou non obstante a táctica dos *irmandiños* (Castelao, Risco, Otero Pedraio, Paz-Andrade...) que se negaron de plano a participar co republicanismo burgués progresista na plataforma da O.R.G.A., como propuñan os irmáns Villar Ponte, Peña Novo, Víctor Casas, Ánxel Casal e outros e, por iso mesmo, achegou o seu quiñón poético para a celebración en chave estritamente galeguista do 25 de xullo dese ano, solemnizado en Vigo cun mitin no Teatro García Barbón e cun banquete no parque da Barxa.

En coherencia con esta liña política que descartaba tratos desde o galeguismo co casaresquioguisismo republicano, ao contrario do que fixera o sector que impulsou o “Pacto de Lestrove”, Cabanillas asiste en persoa en setembro de 1930 á reunión da que sairá o chamado “Compromiso de Barrantes”, un documento agrario-galeguista no que falta non obstante e significativamente, nesa precisa altura histórica en que se elabora e difunde, unha expresa declaración de fe republicanista.

A proclamación da 2ª República sorprende a Cabanillas en Madrid, mais a nova fase que se abriu non foi, precisamente, das máis frutíferas nin felices da súa traxectoria. Practicamente enmudecido como escritor e como poeta, separado dolorosamente da súa familia cambadesa e sempre escaso de recursos económicos (proverbial foi nesta altura a axuda que lle emprestou nese sentido o seu amigo cambadés Antonio Pillado), pode dicirse, como resumiu Luís Rei, que “durante a maior parte destes anos «republicanos» estivo Cabanillas lonxe fisicamente da Terra e afastado, tamén emocionalmente, da causa que o movera e o impulsara nos anos precedentes. Foron anos de disidencia política co galeguismo e de distanciamento con case todos os seus vellos camaradas” (Rei 2009: 350).

Con todo e con iso, os comicios a Cortes Constituíntes do 28 de xuño de 1931 pola circunscrición de Pontevedra contarán cunha tríade de candidatos “galeguistas”, formada por Castelao (do núcleo de Pontevedra), Valentín Paz-Andrade (do núcleo vigués) e, por motivos máis propagandísticos e de prestixio do que propiamente políticos, entendemos nós, Ramón Cabanillas.

É constatábel que a súa participación na campaña foi, en todo caso, practicamente nula, por máis que versos seus foron recitados en moitos dos actos e mitins celebrados. Do escrutinio derivouse que fose Castelao o único dos tres candidatos galeguistas con número suficiente de votos para sentarse no Congreso dos Deputados e talvez sexa un dato nada inocuo que o de menor número de sufraxios obtidos dos tres fose, precisamente, o de Cambados... Tras este fracaso e a pesar da súa participación con novos versos (“Brindis”) no 25 de xullo compostelán dese ano e da aparición dalgún novo poema seu nas páxinas do boletín *Nós*, como “Xoquín” e “O relembro do clan”, os rumbos de Cabanillas e do galeguismo organizado colleron as súas respectivas derivas, radicalmente diverxentes.

19. UN MANIFESTO DE AFIRMACIÓN CATÓLICA E UNHA NOTORIA AUSENCIA NO PG

O debate constitucional republicano foi, como é ben sabido, tenso en moitos momentos. Discusións sobre cuestións como a estrutura do Estado, o dereito á autonomía ou a separación Igrexa-Estado fixeron correr ríos de tinta e polarizaron amplos sectores da sociedade en posicións antagónicas, expresadas cun nivel de crispación considerábel.

Nesta perspectiva, sentou moi mal na maior parte dos núcleos do galeguismo organizado e no republicanismo a publicación o 25 de outubro de 1931 no boletín pontevedrés *Logos*, auspiciado por Filgueira Valverde, dunha “Afirmación católica d’un Grupo de Nacionalistas”, á que sumaban a súa sinatura, entre outros, Vicente Risco, Otero Pedraio, Iglesias Vilarelle, o propio Filgueira e, significativamente tamén, Ramón Cabanillas. O manifesto combatía o pendor laicista da nova Constitución republicana e considerábaa “un atentado contra do ser íntimo e tradizoal da nosa Terra”. Sen afastarse das fileiras do nacionalismo, “nas que seguimos firmes e fideles”, os asinantes prometían combater ese texto lexislativo “con todol-os meios lícitos”.

Mais no caso de Cabanillas esa firmeza e esa fidelidade xuradas non se traduciron en feitos cando se constituíu en Pontevedra, en decembro de 1931, o novo Partido Galeguista, con Castelao como principal dirixente. O de Cambados nin foi a esa asemblea (aínda que estaba na Galiza por esas datas), nin enviou adhesión, nin se afiliou posteriormente á nova organización; mais ben ao contrario, plas-mou en cartas aos seus bos amigos Antonio Pillado e Ramón Otero Pedraio a súa total discrepancia coa táctica e coas posicións do novo partido (“los sedicentes

galleguistas no hacen más que tonterías”, indica nunha delas, citada por Rei [2009: 375]) e verteu nesas mesmas epístolas duros reproches aos seus antigos correligionarios. Entre eses reproches non foi o menor o de ténenlle suprimido a partir de xaneiro de 1932 as novas Deputacións republicanas, co silencio consentidor dos galeguistas, a pensión que lle fora concedida en tempos da ditadura, que era a súa principal fonte de ingresos...

20. O LONGO SILENCIO REPUBLICANO DE RAMÓN CABANILLAS

O noutro prolífico “Poeta da Raza” enmudece nos anos da 2ª República, vítima dunha profunda crise anímica, económica e vital. Traballa máis de nove horas diarias na Academia Española, facendo papeletas lexicográficas, a cambio dun salario que apenas cobre o seu mal vivir nunha humilde pensión da Calle de Fuentes madrileña. Frecuenta, iso si, o trato do seu sempre amigo Basilio Álvarez, deputado lerrouxista, e intenta con Costa Figueiras (pai de Xavier Costa Clavell) a posta en marcha dun novo Centro Galego en Madrid, aínda que sen moito éxito.

Coa subida ao poder dos lerrouxistas, tras os comicios de novembro de 1933, a situación de estreiteza económica de Cabanillas vese aliviada en parte, pois é nomeado vogal no Consejo Nacional de Cultura, órgano consultivo do Ministerio de Instrucción Pública e, máis tarde, ademais, director da Escuela Nacional de Cegos y Sordomudos. A actuación dos galeguistas neste tempo, confésalle a Otero Pedraio nunha carta, parécelle “cosa firente, doente, lamentable”, pois “nin saben o que fan nin saben o que din”. É por iso que, nesta altura o de Cambados sente que “non hai cousa que máis me poña fóra de min que ouir citar o meu nome como galeguista” (Rei 2009: 380). Cando se produzan os acontecementos revolucionarios de outubro de 1934 en Asturias e Catalunya, o poeta confesarase máis unha vez co de Trasalba: “Costa moito reconece-los erros, mais éche así: o camiño que sigueu o Partido Galeguista ía dar ó río: porque o vin desde o principio me arredei” (Rei 2009: 385).

Favorecido polos lerrouxistas durante o “bienio negro”, Cabanillas encara os comezos de 1936 en posicións moi afíns, no persoal e no político, ao entón gobernante Manuel Portela Valladares, dono do xornal vigués *El Pueblo Gallego*, que reúne arredor da súa persoa candidatos “de centro” como a condesa de Creixell (Julia Becerra Malvar), Isidoro Millán, o chufador de Cabanillas en Vigo en 1927 Rodríguez de Viguri, Ramón Fernández Mato, Basilio Álvarez ou Valentín Paz-Andrade, todos eles amigos e coñecidos asemade do poeta.

O triunfo *frentepopulista* de febreiro de 1936 tradúcese particularmente no seu caso no cese como vogal do Consejo Nacional de Cultura...

Cabanillas pon o seu quiñón, a pesar de todo, na forte campaña pro-autonomista que se verifica na Galiza ata o día do plebiscito estatutario do 28 de xuño de 1936, nun clima de crecente tensión política que non era senón anuncio da traxedia bélica que veu despois. O de Cambados escribe versos e prosas en apoio do SI, que se reproducen en *A Nosa Terra* e *El Pueblo Gallego*.

21. TRAS O CALVARIO BÉLICO, O VETERANO IRMÁN DA FALA RETORNA Á LOITA NA DURA POSGUERRA E EMPRESTA OS DERRADEIROS SERVIZOS Á CAUSA

En certa ocasión comentou Cabanillas: “a min a guerra civil desfixome” (Rei 2009: 396). Grazas á *Crónica de destertos e saudades* que escribiu Luís Rei son xa ben coñecidos hoxe os moitos avatares e reviravoltas do ancián e enfermo Cabanillas durante a guerra do 36, primeiro no Madrid republicano no que debeu esconderse para salvar a vida, canda Francisco Camba ou Crecente Vega; logo na evacuación a Valencia, onde fixo faladoiro con Castelao e Carballo Calero e escribiu, “por compromiso” co seu propio fillo esquerdistista Ramón Cabanillas Álvarez, algúns poemas de ardor guerreiro republicano, que se publicaron en revistas como *Nova Galiza*; máis tarde na viaxe ata Barcelona, onde se operou dun tumor facial, e logo ata Marsella, para logo cruzar os Pireneos por Iparralde, presentarse ás autoridades franquistas de Burgos e xurar fidelidade ao novo réxime como académico, instado e protexido ao mesmo tempo polo falanxista Euxenio Montes; despois, no regreso soturno a Cambados en xuño de 1937 e, por último, no posterior deambular precario por secretarías e contabilidades interinas de varios concellos pontevedreses (Meis, Silleda, Moaña, Dozón...), sempre coa espada de Damocles dun expediente de depuración de responsabilidades políticas aberto contra el en xaneiro de 1938 e que pendeu sobre a súa vida ata, polo menos, decembro de 1942. Poucos meses despois (24/X/1943) falecería, ademais, a súa esposa Eudosia Álvarez...

Comezou entón Cabanillas unha fase de intensa soidade e de gran fervor relixioso, que se traduciu no desenvolvemento de prácticas devocionais franciscanistas, no arranxo teatral da súa *Ofrenda das fadas no Portal de Belén* para ser representada na Xuventude Católica cambadesa en 1944 e en sucesivas estadias reparadoras no mosteiro de Samos.

Con todo, desde ese mesmo ano citado de 1944 poemas seus en galego comezaron a aparecer en revistas como *Sonata Gallega*, *Cartel*, *Aturuxo* etc. e, pouco a pouco, en Cambados ou en Madrid, por carta ou en persoa, o poeta foi retecendo fíos de relación amical con moitos dos galeguistas náufragos do 36.

Entrou así en contacto coa Academia Galega, na que sobrevivían os Ramón Villar Ponte, Vitoriano Taibo, Leandro Carré Alvarellos e outros antigos socios

das Irmandades. Tamén contactou, por medio de Otero Pedraio, co grupo da editorial Galaxia (Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto...), mentres que da man dos colaboradores do Instituto Padre Sarmiento (Filgueira Valverde, Sánchez Cantón, Isidoro Millán etc.) achegouse á Editorial de los Bibliófilos Gallegos e aínda conectou tamén con *Ben-Cho-Shey* no faladoiro madrileño do Lyon d'Or e con algúns autores daquela moi noviños, como o propio presidente actual da Academia, Alonso Montero, ou o Manuel María da colección poética Xistral, que habemos celebrar como se merece no Día das Letras en 2016.

Será así como o vello irmán da fala Ramón Cabanillas, de ánimo reverdecido a pesar da súa ancianidade e decadencia física, empreste un derradeiro e impagábel servizo á Causa que definiu como ningunha a súa vida, a do Galeguismo. Será o seu nome e serán obras súas as que inauguren ou colaboren no final dos anos 40 e nos 50 en canta nova iniciativa cultural e editorial galega se poña en marcha, procurando propositadamente o simbolismo dunha figura como a súa, na que empataban perfectamente o pasado galeguista das Irmandades, do Seminario de Estudos Galegos e do grupo Nós co presente dun novo, por máis que traballoso e difícil, rexurdir da conciencia, da cultura e da lingua galegas, no que aínda seguimos a laborar na actualidade, en certa forma.

Antífona da cantiga (1951) e *Samos* (1958), para Galaxia; *Camiños no tempo* (1949) e *Versos de alleas terras e tempos idos* (1955), para Bibliófilos Gallegos; *Da miña zanfona* (1954), para Xistral; poemas para revistas como a *Galicia Emigrante* de Seoane; prólogos para libros como *Frol de cantigas* (1954) de Díaz Jácome e, como ramo, unha *Obra completa* preparada por Fernández del Riego seguindo indicacións do propio poeta pero que, obstaculizada pola censura franquista, houbo de tirarse do prelo na Arxentina grazas aos servizos de Luís Seoane e Eduardo Blanco Amor e chegou a Galiza en novembro de 1959, poucos días despois do pasamento e soterramento no vello cemiterio de Fefiñáns do noso poeta, quen, como o “irmán Daniel” da súa fermosa elexía ou como recentemente o noso Luís Rei (aínda que os partes médicos respectivos falen doutras causas), morreron en definitiva, como rezan os propios versos do de Fefiñáns, do mal dos “bos e xenerosos” pondalianos; morreron, en fin, dun profundo, auténtico, insubornábel e exemplar amor á Terra que é o que encheu, enche e seguirá a encher de luz esa palabra que nos define: galeg@s.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, Xesús (ed.) (1979-1981): *Ramón Cabanillas. Obra completa*. Madrid: Akal Editor.
- Anónimo (1917): “O noso voto. Ramón Cabanillas, ten de sere académico”, *A Nosa Terra* 20, 3.
- (1917b): “Pra vergonza de Galicia. Un caso dino de meditación”, *A Nosa Terra* 34, 5.
- (1919): “Acontecemento teatral. Estreno de «A man de Santiña»”, *A Nosa Terra* 83, 4-5.
- (1920): “Real Academia Gallega. Recepción de Ramón Cabanillas. Las solemnidades de Mondariz”, *La Voz de Galicia* 1/IX/1920.
- (1929): “Gallegos ilustres. Recepción de Cabanillas en la Real Academia Española”, *El Noroeste* 28/V/1929.
- (1929b): “El acontecimiento gallego de ayer. El estreno de *O Mariscal* en Vigo señaló una fecha en el arte lírico regional”, *El Pueblo Gallego* 1/VI/1929.
- Bernárdez, Carlos L. e Manuel F. Vieites (1996): “Introducción”, en Ramón Cabanillas, *Obra dramática*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Bernárdez, Francisco Luís (1972): “El poeta de Cambados”, *Grial* 35, 86-88.
- Bouza Brei, Luís (1961): “Memorante biografía human i-apasionada de Ramón Cabanillas Enríquez”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 339-344, 177-185.
- Caamaño Bournacell, José (1961): “Ramón Cabanillas enjuiciado por sí mismo”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 339-344, 186-195.
- [Cabanillas, Ramón] (1919): “Un consello do poeta da Raza”, *A Nosa Terra* 91, 4.
- [—————] (1920): “A saudade nos poetas galegos. Discurso de Ramón Cabanillas”, *A Nosa Terra* 129, 2-5.
- (1959): *Obra completa*. [Buenos Aires]: Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires.
- [—————] (1976): “Tres cartas autobiográficas”, *Grial* 54, 528-532.
- Carballo Calero, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. Vigo: Galaxia, 3ª edición.
- Carré, Leandro (1961): “Ramón Cabanillas no teatro galego”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 339-344, 196-202.
- Casás Fernández, Manuel (1917): “Ramón Cabanillas. *Da Terra asoballada*. Epístola al poeta”, *La Voz de Galicia* 3/IX/1917.
- Dobarro, Xosé M^a (ed.) (1993): “Introducción”, en Ramón Cabanillas, *A rosa de cen follas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 9-73.
- Fernández Rei, Francisco (2015): *Ramón Cabanillas, Cambados e o mar da Arousa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- Ferreiro, Manuel e Goreti Sanmartín (2002): “Introducción” en Ramón Cabanillas, *A Virxe do Cristal*. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado, 5-77.
- Fonte, Ramiro (ed.) (1995): “Introducción”, en Ramón Cabanillas, *Vento mareiro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 9-73.
- Ínsua López, Emilio Xosé (2005): *Sobre “O Mariscal” de Cabanillas e Villar Ponte*. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado.
- (2009): “Un Cabanillas por fin completo e coñecido”, *A Trabe de ouro* 79, 457-462.
- Lorenzana, Salvador [Fernández del Riego, Francisco] (1976): “Home do seu país e poeta do seu tempo [Ramón Cabanillas]”, *Grial* 54, 417-430.
- Millán Otero, Xosé M. (1996): “O anuncio dos novos tempos: Ramón Cabanillas”, en VV.AA., *Historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra-ASPG, v. 2, 545-576.
- Muñoz Sánchez-Brunete, Xerardo (1976): “Os temas ossiánicos na poesía de Ramón Cabanillas”, *Grial* 54, 451-464.
- Nicolás, Ramón (2001): “Ramón Cabanillas”, en *Papeis de literatura. Dez anos de revisión crítica*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 251-268.
- Otero Pedrayo, Ramón (1976): “Evocación de Ramón Cabanillas”, *Grial* 54, 405-416.
- Pena, Xosé Ramón (ed.) (1988): “Introducción”, en Ramón Cabanillas, *Na noite estrelecida*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 9-62.
- (1994): “Introducción”, en Ramón Cabanillas, *Da Terra asoballada*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 9-53.
- (1996): *Manuel Antonio e a vangarda*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Peña Novo, Luís (1917): “Os vellos e os novos. Cabanillas, Barcia Caballero”, *A Nosa Terra* 28-29, 1-2.
- Pontenorga. Revista de Estudos Sociolingüísticos* 2 (2000). [Monográfico das actas das I Xornadas sobre Ramón Cabanillas. Cambados, 6-7 de novembro de 1999].
- Porteiro Garea, Lois (1917): “Liñas de arte. Múseca e poesía”, *A Nosa Terra* 8, 1-2.
- Rei, Luís e Xabier Camba (eds.) (2001): *El Umia. El Cometa. Ramón Cabanillas, xornalista cambadés*. Cambados: Concello. Edición facsimilar.
- Rei, Luís (2009): *Ramón Cabanillas. Crónica de destellos e saudades*. Vigo: Galaxia.
- Sigüenza, Julio (1926): “Palabras sobre la personalidad poética de Ramón Cabanillas”, *Céltiga* 44, 27-28.
- Solá, Jaime (1918): “El poeta Cabanillas á través del Valle de Salceda”, *Vida Gallega* 106, s.p.

- VV.AA. (1977): *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*. Santiago de Compostela: Universidad.
- (1989): *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*. Vigo: Promocións Culturais Galegas.
- (2001): *Xornadas sobre Ramón Cabanillas: actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Cambados, os días 7 e 8 de xuño de 2001*. [Santiago de Compostela]: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
- Villar Ponte, Antón (1914): “Con letra del siete. El hombre del día”, *La Voz de Galicia* 10/II/1914.
- (1915): “Anotaciones breves. Un gran poeta gallego”, *La Voz de Galicia* 13/VI/1915.
- (1916): *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional*. A Coruña: Imp. “La Voz de Galicia”.
- (1917): “Con letra del siete. Las obras de Ramón Cabanillas”, *La Voz de Galicia* 29/IV/1917.
- (1918): “Honrando a nuestros poetas. Curros Enríquez y Pondal”, *El Noroeste* 7/II/1918.
- (1919a): “Antes que llegue la hora del estreno... La primera obra teatral de Cabanillas”, *La Voz de Galicia* 13/IV/1919.
- (1919b): “O noso voto espricado en verbas quentes”, *A Nosa Terra* 90, 4-5.
- X. [Villar Ponte, Antón] (1917): “Ramón Cabanillas, Poeta da Raza”, *A Nosa Terra* 32, 6; 33, 6; 34, 6; 35, 5; 37, 6; 38, 6 e 39, 6.